



## ENTROIDO 2018

Estimadas familias

Un ano máis celebraremos o **ENTROIDO** no colexio. A celebración terá lugar o venres 9 de febreiro.

O profesorado decidiu este curso darlle un enfoque diferente, baseado en criterios pedagóxicos.

1. A temática será o entroido en si, a desfiguración, a liberdade de cada nenos/a para expresarse. Queremos darlle ao entroido o valor que sempre tivo, e quitarlle o aspecto excesivamente consumista que ten na actualidade.

2. En cada clase as titoras terán unha caixa/baúl/cofre na que se irán gardando o que traian os nenos da casa. **MOI IMPORTANTE:** para fomentar que se compartan os seus materiais, e crear un sentido de grupo, ademais de estimular a creatividade, cada neno/a traerá roupas, complementos, gorros, etc. Todas estas cousas irán parar a esa caixa común do grupo.

**Rogamos que non se compren os disfraces.** Pero se xa se ten algún disfraz comprado anteriormente, poden traelo, pero coa finalidade de usalo por partes, e non necesariamente o neno/a que o trae (pódense repartir o pantalón, a perruca, unha capa, etc.).

Tamén podedes aproveitar para facer con eles algún elemento de disfraces (gafas de cartón, bastóns, gorros, capas, etc.), fomentando, por unha banda, a creatividade, e por outra o sentido de equipo.

O día da festa poden vir tamén pintados/as ou maquillados/as das casas. **SERÁ NO COLE ONDE SE DISFRACEN**, cos elementos da caixa, e coas orientacións das titoras.

Tede en conta que algunhas das cousas que traian **poden non volver ás casas**, ben porque se estropean, ben porque se extravían.

3. Durante a semana do 5 ao 9 de febreiro o **MECO** irá dando instrucións no cole sobre como hai que vir cada día da semana. Hai que lembrar que é acumulativo.

4. **O venres 9 de febreiro, a partir das 12:00h.**, sairemos de entroidada dende o colexio, acompañados dunha charanga escolar, camiño do Calvario, para disfrutar desta festa. Se o desexades, podedes acercaros para compartir con nós estes momentos, sempre respectando que o alumnado está en horario escolar, baixo as pautas do profesorado.



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Centro Público Integrado "Manuel Suárez Marquier"*

Cumieira de Arriba, s/n  
36.770 – O ROSAL (Pontevedra)  
Código: 36.013.576 - CIF: Q-8.655.374-J  
Tlf.: 886 120 385 - Fax: 886 120 397  
e-mail: [cpi.suarez.marquier@edu.xunta.es](mailto:cpi.suarez.marquier@edu.xunta.es)



GRAZAS  
O Equipo Directivo